



CUALEDRO

Número 1

Boletín de información municipal

Verán 2008



Homenaxe popular a Marina Cuquejo, alcaldesa de 1979 a 2006



Promoción do emprego

O Obradoiro de Emprego cumpriu o seu obxectivo de formar laboralmente a moitos veciños e veciñas, ao tempo que traballaban na recuperación do noso patrimonio público. A creación de emprego é unha das apostas de futuro do Concello.



Nova Corporación

A oitava Corporación Municipal de Cualedro cumpriu o pasado 16 de xuño un ano dende a toma de posesión. Foi un tempo de iniciativas importantes por parte do Goberno municipal e dos grupos da oposición.



Tradicións vivas

O Entroido é unha celebración felizmente recuperado. Os pobos de A Xironda e Cualedro queren manter viva unha tradición ancestral e que ten un carácter propio no noso municipio. As "máscaras" e os "zarramanculleiros" foron os protagonistas.

O progreso do municipio, un compromiso de tódolos cidadáns

Tódolos cidadáns de Cualedro acudimos ás urnas fixo agora un ano para renova-los cargos que nos representan na Casa o Concello. O resultado, como xa sabemos, foi favorable ó Partido Popular, e permitiu a Luciano Rivero Cuquejo presidi-la Corporación Municipal ata o ano 2011 con maioría absoluta.

Do acontecido en Cualedro dende

ese momento, as tres forzas con representación na Corporación Municipal fan valoracións ben diferentes.

Para os "populares" foi un período de traballo para consolidar proxectos e artellar novas iniciativas que supoñan unha resposta ás inxedanzas dos nosos veciños e veciñas.

O PSdeG-PSOE, que se mantén como a segunda forza máis votada, e o BNG discrepan do Partido Popular á hora de valorar a xestión do Goberno municipal neste tempo. Non deixan de ser valoracións interesadas e partidistas, como é lóxico. Pero sería bo, pensando, sobre todo, no beneficio común para as xentes e os pobos do noso concello, que a política municipal reflectise o conxunto das aspiracións e inxedanzas

manifestadas polos cidadáns de Cualedro a través dos seus representantes na actual Corporación local. Fai falla que continúe o diálogo, o sentido común e unha vocación clara de servizo público para solucionar as deficiencias que poidan xurdir e crear novas expectativas para mellora-la calidade de vida da nosa xente en tódolos núcleos de poboación.


Abriuse, pois, un novo período para seguir avanzando na modernización do noso municipio. Non cabe dúbida de que é necesario mellora-las infraestruturas viarias, garantir unha boa subministración de auga nos pobos, mellorar os sistemas de depuración de residuais, establecer novos programas de axuda ós nosos maiores, indagar na busca de perspectivas de emprego na nosa zona, etc.

Para elo, fai falla a colaboración de todos, Goberno e oposición, pero tamén dos propios veciños á hora de artellar un bo Concello do século XXI. Está nas nosas mans a busca dun mellor benestar para que todos poidamos disfrutar dun concello un pouco mellor cada día.



O orzamento municipal incide na mellora dos servizos

Como en anos precedentes, os capítulos de gastos máis importantes do Concello de Cualedro foron os referidos ós investimentos reais (14,81%), bens correntes e servizos (23,68%), gastos de personal (38,95%) e transferencias correntes (12,61%). Estes catro capítulos supoñen máis do 90 por cento do total consignado para o ano 2008, que foi de 907.934,29 euros. O orzamento de gastos complétase con partidas menores e que serviron para afronta-las transferencias



* En porcentaxe. Datos de 2008.

de capital (50.000 €), os pasivos financeiros (27.350 €) e os gastos financeiros (13.000 €).

Os principais ingresos nas arcas municipais do Concello de Cualedro proceden das transferencias correntes, con 436.019 euros (aportacións das outras Administracións públicas, como o Estado e a Xunta de Galicia), dos impostos directos e indirectos, das taxas municipais, dos ingresos patrimoniais e das transferencias de capital (192.914 euros).



A inauguración da escultura adicada a Marina Cuquejo cadrou coa segunda Xuntanza dos Nossos Maiores, organizada polo Concello de Cualedro. Númerosos veciños, deputados, senadores e alcaldes das comarcas de Verín e A Limia participaron neste emotivo acto.



Marina Cuquejo, no corazón dos seus veciños Unha praza e unha escultura lembran a súa dedicación e o traballo por Cualedro

A mellor mostra de que segue viva a lembranza de Marina Cuquejo, alcaldesa de Cualedro durante 27 anos (1979-2006), foi a asistencia masiva de veciños, amigos e autoridades ós actos de descubremento da escultura na praza que leva o seu nome, obra do artista Xosé Lois Carreira. O programa comezou cunha misa de acción de grazas, en lembranza da alcaldesa e de tódolos veciños do noso concello que xa non están connosco. Os presentes trasladáronse despois ata a praza de Marina Cuquejo, acompañados pola Banda de Gaitas de Verín. Alí, o alcalde, Luciano Rivero Cuquejo, recoñeceu estar emocionado, “porque hoxe -asegurou- é un día especial, porque rendimos homenaxe á nosa alcaldesa e miña nai. Os veciños de Cualedro xa deron exemplo adiantándose no tempo, tendo unha muller alcaldesa desde 1979”, en referencia a que Marina foi unha das primeiras mulleres de Galicia en situarse á fronte dun Concello. Luciano Rivero lembrou tamén “ós nosos veciños que non poden estar compartindo este día connosco”, para engadir que os maiores “estades nunha época moi bonita da vida, e tendes que seguir aportando experiencia e coñecemento”.

O presidente da Deputación, José Luis Baltar, lembrou á súa amiga Marina, coa que compartiu traballo e dedicación no organismo provincial durante moitos anos: “Marina Cuquejo -engadiu- non tiña enemigos. Era todo bondade, unha muller preocupada polos seus veciños, a humildade personificada”.

Tralo descubremento da escultura de Xosé Lois Carreira, tapada cun pano branco, e da praca conmemorativa co nome da praza de Marina Cuquejo, soou o himno galego, interpretado pola Banda de Gaitas de Verín. Os sons musicais deixaron paso a un largo e emocionado aplauso de tódolos veciños que manteñen viva nos seus corazóns a Marina Cuquejo, unha muller que o deu todo polo seu concello.



Durante o 2004 Marina Cuquejo foi obxecto de varias homenaxes con motivo dos 25 anos como alcaldesa de Cualedro. Na Deputación Provincial de Ourense (na imaxe superior), recibiu do seu presidente, José Luis Baltar, o bastón de mando deste organismo, no que foi deputada durante varío anos. En Santiago de Compostela, o entón titular da Xunta, Manuel Fraga, entregoulle un diploma acreditativo da súa traxectoria democrática.

Estradas e camiños, urbanismo municipal, **infraestruturas**, reforma de espacios públicos, **servizos en xeral...**

En colaboración coa Deputación Provincial e a Xunta, e, outras veces, coas brigadas municipais de obras, o Concello de Cualedro desenvolve ao longo do ano diferentes actuacións destinadas a moderniza-los servizos básicos en tódolos núcleos de poboación. Unhas obras que inciden tamén na mellora da calidade de vida da nosa xente.

▣ **A mellora das redes de abastecemento, unha prioridade municipal**

A Consellería de Medio Ambiente maila Deputación Provincial de Ourense colaboraron co Concello de Cualedro para acometer diversas obras de mellora do abastecemento naqueles núcleos nos que se rexistraban carencias nos períodos prolongados de seca. Unha delas foi na Lucenza, coa perforación dun pozo de barrena de 230 metros para o depósito novo, e máis captacións no Alto do Larouco, a cargo da Deputación. Outra obra semellante témola en Vilela, tamén cun pozo de barrena para facer boas captacións a gran profundidade. En San Millán fíxose un pozo, e nas Mercedes, a través dos Planos Provinciais da Deputación, un depósito novo, que se completará cunha nova captación.


A obra máis recente é a de Montes, coa renovación das tuberías dende as captacións ata o depósito. Trátase dun proxecto a tres bandas, coa participación de Medio Ambiente, do Concello de Cualedro e dos propios veciños.

Pero o proxecto máis importante contempla a construción de senllos depósitos de 500 mil litros en cabeceira e na cola da rede de distribución, con captacións no regato da Cabana, no Alto do Larouco. O Concello presentoulle a Medio Ambiente a memoria valorada deste proxecto, que ten un orzamento de 1,2 millóns de euros.



Praza da Picota,
antes da reforma

Estado actual da praza



A renovación das redes hidráulicas
é outra prioridade do Concello

A Consellería de Medio Ambiente en breve un contrato para a contratación parcelaria. Outra obra importante é a reforma da praza da Picota. O proxecto custa millóns de euros e propicia a mellor teiriz. Pola súa ensanche da estrada, o enlace da Autovía, no concello de Cualedro, dende a cesión

O Concello acometeu a sinalización da práctica totalidade dos pobos do noso municipio, facilitando o acceso e orientando ós automobilistas, sobre todo nos cruces de estradas e pistas. Foi unha actuación co-financiada co Plan Leader Plus, que tivo o investimento aproximado de 10.000 euros.



Continúa

■ O pleno municipal de medio ambiente paso máis a diante. Agárdase que unha vez superada a plenaria, expoñerá a Política Territorial. Xeral é a delimitación, nas parcelas. Tamén servirán para a

Obras en

■ Na travesía de beirarrúas, se mellora a iluminación pública. En Carzoá, a parte superior. En San Millán, a escola, para os patrónais.

"A prioridade da Corporación Municipal"



Reforma da Praza da Picota

A praza da Picota na Xironda ten un novo aspecto, trala 1ª fase das obras de adecentamento e renovación dos servizos acometidas polo Concello, que contou co apoio da Consellería de Industria. O proxecto consistiu no empedrado da zona da fonte, na construción de beirarrúas e na pavimentación con adoquín, así como a renovación das canalizacións dos servizos básicos e a dotación de mobiliario público. Agora está pendente unha 2ª fase, en colaboración coa Consellería de Política Territorial. ■



Tractor desbrozadora na estrada de As Mercedes

Os concellos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín-Monterrei comparten maquinaria de obra para realizar traballos de mantemento da rede viaria dos diferentes concellos.

e Medio Rural e o Concello de Cualedro asinarán un convenio para o asfaltado de varias pistas da concen- a que agora están en terra. Unha actuación que se se zonas de A Xironda, Pedrosa, Saceda,...
ortante para as infraestruturas locais e da comarca estrada que comunica Calvos de Randín, Baltar e xecto, que estima necesario o investimento de 5 s, foi presentado ó Plan Interreg da Unión Europea, gramas de desenvolvemento nas zonas transfron- a parte, a Deputación de Ourense acometerá o trada que vai de San Martiño, Montes e Lamas ata óvía, e a que comunica o pobo de Atás con Vilade- veciño de Trasmiras. A obra está aprobada, e pen- dos terreos.



a tramitación do Plan de Urbanismo

municipal do mes de maio aprobou o estudo de impac- ental solicitado pola Xunta de Galicia, co que avanza un elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal. e poida estar rematado antes de que remate o ano 2008, perados tódolos trámites regulamentarios: , aprobación osición pública e dictame favorable da Consellería de torial. Un dos aspectos máis importantes deste Plan mitación dunha zona de uso industrial en Lamas-Rebor- proximidades do enlace da Autovía das Rías Baixas. á de base para as vivendas de protección autonómica.

San Martiño, Carzoá e San Millán

sía de San Martiño construíuse un tramo de 900 metros , a través dos Planos Provinciais da Deputación, co que otablemente a estética do pobo e a seguridade vial dos én se procedeu á renovación das redes hidráulicas e da ública.

co apoio do Obradoiro de Emprego, acondicionouse a r da antiga escola unitaria como centro social e veciñal. an está en execución a reparación da praza, fronte a facilita-la celebración de actos públicos, como as festas

Ruta dos Muíños, nas Mercedes

■ O Concello de Cualedro, co financiamento do Plan Leader Plus, acometeu nos últimos meses a restauración de cinco antigos muíños no río de As Mercedes, configurando agora unha ruta etnográfica e turística de gran valor. A mesma zona vaise adecentar aínda mellor coa limpeza e os desbroces que realizará en breve a Confederación Hidrográfica do Douro, atendendo a demanda presentada polo Concello de Cualedro.

Prevención de incendios forestais

■ Un convenio coa Consellería de Medio Rural, que ten unha partida orzamentaria de 36.000 euros, contribuirá á prevención dos incendios forestais en todo o municipio durante o verán. Dous tractores-desbrozadoras serven de apoio a unha brigada forestal encargada de realizar limpeza nas franxas de protección, nos pobos e nas vivendas próximas a masas forestais e que poderían verse afectadas polo lume.

Depuración das augas residuais

■ O Concello traballa na mellora medioambiental a partir dunha boa depuración das augas residuais. O alcalde, Luciano Rivero, mantivo unha reunión con altos cargos da Confederación para unificar nunha depuradora as fosas sépticas de A Xironda e Montes, e reparalas existentes na Lucenza, Rebordondo, As Mercedes,...

pal é satisfice-las demandas de tódolos nosos veciños e veciñas"


Luciano Rivero Cuquejo, alcalde

Superou o 65% dos votos nos comicios municipais e xerais

Doble victoria electoral do Partido Popular en Cualedro

A candidatura do Partido Popular, encabezada por Luciano Rivero Cuquejo, acadou a maioría absoluta na Corporación Municipal de Cualedro nos últimos comicios municipais. Os “populares” obtiveron 8 dos 11 concelleiros electos; 2 corresponderon ó PSdeG-PSOE, e 1 ó BNG. Porcentualmente, o Partido Popular obtivo o respaldo do 67,07% dos votantes, a considerable distancia das outras dúas forzas políticas que concorreron ós comicios no noso municipio: a candidatura dos socialistas (21,5%) e a dos nacionalistas (10%). Foi a oitava convocatoria desde a instauración das Corporacións democráticas, en 1979.

E tamén o PP resultou ser a forza máis votada en Cualedro nas eleccións xerais do pasado 9 de marzo. Para o Congreso dos



Deputados, a candidatura encabezada por Celso Delgado acadou 1.037 votos (70,8%), por diante do PSdeG-PSOE, con 273 votos (18,6%) e do BNG, con 138 votos (9,4%). Os representantes da provincia de Ourense na Cámara Baixa son Celso Delgado Arce e Jesús Vázquez, polo Partido Popular, e Elena Espinosa e Alberto Fidalgo, polo PSdeG-PSOE.

Tamén na votación para ó Senado, os tres candidatos do Partido Popular (Carmen Leyte Coello, Amador Vázquez e Miguel Ángel Pérez de Juan) foron os máis votados no noso municipio, superando ós socialistas Miguel Fidalgo, Elvira Lama e Alfredo Vázquez. Neste caso, os tres “populares” e o socialista Fidalgo Areda son os nosos representantes na Cámara Alta. ■

Nova Corporación municipal



O PP gañou con clara diferenza

O Partido Popular segue a ser a forza máis votada en Cualedro desde 1991. Así aconteceu nos comicios municipais. Por un día, as dependencias do colexio público e dos centros sociais deixaron paso á consulta na que o pobo fixo escoitar a súa voz, de xeito sosegado e sen ningún tipo de estridencia. Foi a culminación dunha campaña electoral que tamén transcorreu polos mesmos derroteiros. Os candidatos das tres forzas políticas en liza percorreron durante a campaña electoral tódolos pobos do municipio, visitando porta a porta ós nosos veciños, explicándolles o seu programa e facilitándolles as papeletas das votacións. ■

Sete concelleiros novos

Da anterior Corporación municipal de Cualedro continúan nos seus cargos Juan Sampedro Lozano, José Quinteiros Rodríguez e Francisco Pérez Rodríguez, do Partido Popular; e Faustino Domínguez Álvarez, do PSdeG-PSOE. Acceden por vez primeira á Consistorial: Luciano Rivero Cuquejo, Eligio Gil, Sanmamed, Elisardo Fernández Fernández, José Justo Sánchez e Luis Rodríguez Díaz, polo PP; María del Pilar Martínez Atanes, polo PSdeG-PSOE; e Josefa González Álvarez, polo BNG. Deixaron os seus cargos: Eligio Gil Blanco, Eduardo López, Simón Carnero, Alfonso Fernández, Leopoldo Álvarez, Domingo Moreira e Manuel Álvarez. ■

Luciano Rivero Cuquejo, alcalde

"O parque empresarial e o Centro de Día son dous dos obxectivos prioritarios no mandato da actual Corporación Municipal"

P.- *Vostede asumíu o seu primeiro mandato como alcalde de Cualedro. ¿Como valora o apoio recibido nas últimas eleccións municipais?*

Luciano.- A candidatura que eu enca-becei acadou a maioría absoluta. Este é un bo resultado e significa que moi-tos veciños e veciñas confían plena-mente no noso proxecto. Agora tóca-nos a nós, nestes próximos anos, demostrarlle-lo acertado da súa deci-sión.

P.- *¿Está ilusionado por afrontar ese reto de situar a Cualedro no lugar que lle corresponde?*

Luciano.- Antes de acometer calque-ra iniciativa gústame coñecer a opi-nión dos veciños e dos outros mem-bros da Corporación municipal. Coñecemos a realidade actual e xa estamos traballando para solucionar tódalas dificultades e deficiencias que se poidan detectar. Para mín esta é unha das maiores satisfaccións: traba-llar polo noso pobo e ver que os nosos veciños saben agradecerlo.

P.- *¿Cal é a situación de Cualedro a nivel de servizos e infraestruturas?*

Luciano.- As últimas Corporacións traballaron para conquistar moitos ser-vizos e iniciativas, e debemos conti-nuar na mesma liña de traballo. Com-pre lembrar que nos últimos anos fixéronse obras moi importantes, como a mellora das infraestruturas básicas nos

pobos, tanto en estradas como nas redes hidráulicas, e que se melloraron tódolos servizos públicos. Coido que temos unha Administración áxil e eficiente, próxima ós veciños e capaz de buscar solucións a tódolos proble-mas que poidan xurdir no traballo cotián.

P.- *...e as prioridades para estes catro anos do novo mandato?*

Luciano.- Queremos poten-ciar os servizos máis próximos ós cidadáns, a cultura e o deporte, e tamén artellar solucións de futuro, facilitando o asentamento de empresas e a creación de emprego, no proxecta-do parque empresarial. Tamén quere-mos reforma-las estradas e a ilumina-ción pública, e mellora-las redes de auga e de sumidoiros. Queremos afon-dar tamén en novas prestacións de carácter social, para atender mellor ós nosos maiores, a través de programas específicos, como o Centro de Día, por tratarse dun colectivo cada vez máis numeroso e que ten unhas necesidades diferenciadas do resto da poboación. Outro obxectivo será a aprobación do Plano Xeral de Ordenación Municipal, que definirá o modelo de concello para as próximas décadas. E outras priori-dades serán as que nos sinalen a cotío tódolos veciños do noso municipio. ■



"A situación, a nivel de infraes-truturas e servizos nos nosos pobos é boa, pero pode mello-rar. O traballo da nova Corpora-ción municipal debe incidir aínda máis na dotación e mello-ra de tódolos servizos e aspec-tos que axudan a consolida-la senda do progreso no concello de Cualedro".

"A nosa aspiración é que tódo-los veciños do noso municipio teñan ben cubertas as súas necesidades básicas e que se sintan orgullosos do lugar no que viven".



As **claves** do futuro



O alcalde de Cualedro ten claras cales deben ser as liñas de futuro para asentar poboación, xenerar recursos, dinamizar a economía e mellora-la calidade de vida dos veciños do municipio. "Unha das claves ten que ser o emprego, a partir dos recursos que temos, tentando de revertir o pau-latino descenso dos indicadores socioeconómicos do sector agropecua-rio, e facilitando o asentamento de industrias, ó abeiro do Plan Xeral de Ordenación Municipal". Tamén aposta "pola dotación de servizos especí-ficos para os nosos maiores, como pode ser a construción dun Centro de Día, para o que xa se deron os primeiros pasos, trala integración no Consorcio de Servizos Sociais". "Outra clave ten que ser a atención ás necesidades básicas nos distintos núcleos: é necesario conservar en bo estado e ampliar as redes de estradas, pistas e camiños, e garantir de cara ó futuro unha boa subministración de auga potable e de depuración de tódalas augas residuais que se xeneran no concello".



Corporación municipal de Cualedro (2007-2011)



Luciano Rivero
Cuquejo



José Quintarios
Rodríguez



Francisco Pérez
Rodríguez




Eligio Gil
Sanmamed



Luis Rodríguez
Díaz



Juan Sampedro
Lozano



José Justo
Sánchez



Elisardo Fernández
Fernández



Faustino Domínguez
Álvarez



María del Pilar
Martínez Atanes



Josefa González
Álvarez

8

Órganos de goberno e representación:

Xunta de Goberno Local: Luciano Rivero Cuquejo (alcalde), José Quintarios Rodríguez (1º tenente de alcalde), Francisco Pérez Rodríguez (2º tenente de alcalde) e Luis Rodríguez Díaz (3º tenente de alcalde).

Comisión Especial de Contas e Facenda: Luciano Rivero Cuquejo (presidente), José Quintarios Rodríguez, Luis Rodríguez Díaz, Juan Sampedro Lozano, Elisardo Fernández Fernández, Faustino Domínguez Álvarez, María del Pilar Martínez Atanes e Josefa González Álvarez.

Comisión de Obras, Urbanismo e asuntos do Pleno: Luciano Rivero, Eligio Gil, José Quintarios, José Justo Sánchez, Francisco Pérez, Faustino Domínguez, Mª del Pilar Martínez e Josefa González.

Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín: Luciano Rivero Cuquejo e Eligio Gil Sanmamed.

Programa para o Desenvolvemento Integral da Comarca de Monterrei (ADECOMOVE): Luciano Rivero Cuquejo e Francisco Pérez Rodríguez.

Consello Escolar do Colexio Público de Cualedro: Eligio Gil Sanmamed.

Consello Escolar da Escola de Educación Infantil de A Xironda: Francisco Pérez Rodríguez.

Consortio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín: Luciano Rivero Cuquejo e José Justo Sánchez.

Padroado da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Verín: Luciano Rivero Cuquejo.

Plan Leader +: Luciano Rivero Cuquejo.

Obradoiro de Emprego

Cualedro II

O Obradoiro de Emprego "Cualedro II" ofreceu formación teórica e práctica a 35 persoas, na súa maioría mulleres, nas especialidades de albanelaría, cantería e restauración de áreas degradadas. A Consellería de Traballo da Xunta maillo Concello de Cualedro aportaron máis de 500 mil euros para completa-la formación laboral e realizar obras de mellora do patrimonio público en diferentes zonas do municipio.

As principais actuacións dos tres módulos do Obradoiro (decembro de 2006-decembro 2007) foron as seguintes: acondicionamento das áreas recreativas dos Muíños e da Chaira, do Campo do Toural, a reforma dos centros sociais de Carzoá, A Xironda e da antiga escola unitaria de Lucenza, o mantemento de árbores e zonas verdes en espazos públicos e outras obras en varios pobos.

O primeiro obxectivo desta iniciativa municipal foi facilitar formación laboral ós veciños e veciñas desempregados e con gañas de converterse en profesionais de oficios tradicionais da nosa terra e con gran futuro. Os participantes no Obradoiro recibiron unha formación teórica, complementada con traballos prácticos. Completado este proceso, recibiron os diplomas acreditativos nas súas especialidades.



Ademais da indicada formación en cada oficio ou especialidade formativa, non pode esquecerse a necesidade de desenvolver outro tipo de actividades complementarias, tanto para o enriquecemento cultural como persoal dos alumnos/as participantes.

Para acadar estes fins, impartíronse diferentes módulos formativos: de seguridade e saúde no traballo, co obxectivo de previr os riscos derivados da actividade laboral.

O Obradoiro de Emprego "Cualedro II" organizouse para favorecer a participación de homes e mulleres en igualdade de condicións, nas distintas áreas municipais, provomendo a formación e a inserción laboral das mulleres, así como a conciliación da vida familiar (poder compaxinar o traballo coa familia, contando co apoio nas tarefas domésticas doutros membros da unidade familiar). É unha iniciativa máis do Concello de Cualedro para favorecer políticas de plena igualdade nos distintos eidos da vida social e laboral.

De xeito complementario e, para aqueles participantes que non acadasen o título de graduado en ESO, impartíronse clases de educación compensatoria, para poder acceder ás probas coas suficientes garantías de éxito.

En todo momento, o equipo directivo e docente orientou as distintas actividades formativas a potenciar e apoiar aos participantes neste Obradoiro cara á súa inserción no mercado laboral.



A restauración da antiga escola de Lucenza implicou por igual ós módulos de albanelería e cantería. Foi un traballo complexo, polo estado de deterioro no que se atopaba o inmoible, pero mereu a pena. Hoxe luce cun novo aspecto exterior, agardando que se complete a reforma interior para o disfrute de tódolos veciños e veciñas.

A recuperación do noso patrimonio popular e tradicional é un dos obxectivos que desenvolveu o Concello de Cualedro a través do Obradoiro. Na Xironda, os veciños poden disfrutar xa do centro social, que dispón dunhas modernas instalacións.



Obradoiro de Emprego

Cualedro II

O acceso ás novas tecnoloxías da información (Internet, coñecementos de informática,...), as charlas sobre seguridade no traballo e oportunidades laborais ocuparon varios os alumnos/as do Obradoiro. Todos adquiriron uns coñecementos importantes, que lles poden ser de gran utilidade de cara ó futuro.



O traballo do módulo de restauración de áreas degradadas é ben perceptible nas áreas recreativas dos Muíños e da Chaira, no lavadoiro da Poza e no Campo do Toural. Tamén se acondicionaron zonas verdes e axardinadas en varios pobos; completouse o proceso da poda e se adecentaron lugares de gran valor paisaxística.



“II Xuntanza dos nosos Maiores”

Un día para renova-la amizade e reforza-lo sentimento de pobo

A Xuntanza dos Maiores, que celebrou o pasado 10 de maio a súa segunda edición, pretende recoñecer toda unha vida adicada ó traballo, e lembrarlles a estes veciños e veciñas de Cualedro, en palabras do alcalde, Luciano Rivero, "que están nunha época moi bonita da vida e que seguen sendo moi importantes para todos nós". Esta festa quedou instituída pola Corporación Municipal, no ano 2007, como unha data de encontro e disfrute, para fomenta-la amizade e o sentimento de pobo entre os nosos maiores e tódolos cidadáns de Cualedro.

A carpa instalada no Toural da Feira acolleu a unhas 500 persoas,



Un día para compartir, para lembrar e para disfrutar. A Xuntanza dos Maiores vai camiño de consolidarse como unha das grandes festas do concello de Cualedro e de toda a comarca. Se o Concello aposta por elo, os nosos veciños e veciñas, tamén. Todos semellan implicados en que continúe por moito tempo.

entre os veciños, procedentes de tódolos pobos do municipio, e as autoridades que acodiron á homenaxe que se lle tributou ese mesmo día á ex-alcaldesa Marina Cuquejo. Os presentes degustaron un menú servido por unha pulpería de Xinzo, a base de empanada, pólbo, carne ó caldeiro, bica, licores e viños da nosa zona. Tralo xantar, a troula seguiu ata ben avanzada a tardiña con contos e lembranzas de tempos pasados, pero tamén con xogos de mesa e baile, amenizado pola Banda de Gaitas de Verín, unha das mellores agrupacións que participan na Liga Galega de Bandas de Gaitas, e a Animación Musical “Tintores”.



Máscaras e zarramanculleiros...



...protagonistas do Entroido



Cualedro

As "máscaras" de A Xironda e os "zarramanculleiros" de Cualedro compartiron protagonismo no Entroido con outras figuras típicas da nosa comarca, como os peliqueiros, pantallas ou cigarróns. O empeño dos veciños, co apoio do Concello, permitiu nos últimos anos recupera-la tradición dunha festa popular e que recolle como poucas a esencia do noso pobo.



A Xironda



O "zarramanculleiro" é un personaxe equiparable ó "cigarrón" de Verín ou ó "peliqueiro" de Laza. Hai diferencias no traxe e tamén na careta, adornada sempre con imaxes florais. A primeira saída faise o día 5 de xaneiro (Feira de Reis), e no Entroido faino o Domingo e o Martes. Na Xironda, a "máscara" é

unha figura á mesma altura que o zarramanculleiro e, igualmente, con fondas raíces populares. Unha tradición que implica a todo o pobo, coa elaboración do Meco, que comeza xa cos traballos da sega e da malla do ano anterior. E tamén no colexio, mestres e nenos están implicados nesta feliz recuperación.